

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR A ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA ACOLLIDA NO CENTRO DE DÍA "SANTIAGO APOSTOL" DE CARACAS (VENEZUELA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Venezuela o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e Hermandad Gallega de Venezuela co fin de contribuír ao financiamento do custo derivado da atención ás persoas galegas acollidas no centro de día Santiago Apóstol.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

En Venezuela, segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, a 1 de decembro de 2022 residían preto de 27.000 persoas de orixe galega. O país está atravesando unha realidade social, política e económica que repercute negativa-mente no conxunto da sociedade e da que non se libran as persoas galegas que viven alí, as cales están abocadas a unha situación de carencia ou sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria..

A Hermandad Gallega de Venezuela, con sede en Caracas, é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1960, inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade da Secretaría Xeral da Emigración e que ten, entre outros fins, o de acoller as persoas galegas emigrantes residentes na súa área xeográfica.

Esta entidade está a desenvolver un destacado labor social dirixido á mellora da calidade de vida das persoas maiores de orixe galega, para o que conta co centro de día Santiago Apóstol, ao que acuden, de luns a venres, persoas maiores carentes de recursos. O centro cubre as necesidades básicas na área terapéutica e sociocultural, mantendo a permanencia destas persoas dentro da súa contorna familiar e paliando o sentimento de soidade, que na maioría dos casos leva aparelados procesos dexenerativos que diminúen a autonomía, a través de programas de ximnasia xerontolóxica, psicomotricidade, de ocio e tempo libre, atención alimentaria e atención á saúde.

A Hermandad Gallega de Venezuela é a entidade galega de referencia para as persoas de orixe galega residentes en Caracas e a súa área xeográfica de influencia, un colectivo potencialmente susceptible de beneficiarse dos programas e as actuacións que executa a Secretaría Xeral da Emigración, coa que a entidade está colaborando activamente.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co obxecto de contribuír á prestación de asistencia á colectividade galega residente en Caracas e na súa área de



influencia que, por razóns de carencia ou de dependencia, se atope en situación de necesidade e non poida afrontar o custo destas prestacións; a Hermandad Gallega de Venezuela conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestarlle o servizo.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía de **corenta mil euros (40.000 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade, única destas características en Caracas, é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrência pública, segundo o disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica en razóns de carácter social e humanitario, na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida da poboación emigrante de orixe galega residente en Caracas (Venezuela) que presente problemas asociados á súa idade e/ou circunstancias socio familiares.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

